

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VECIÑANZA PARA A CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DA 'SENDA PEONIL PONTE DO RAMO – PRG 123'

Ao pleno da Corporación de Cuntis

Saleta Fernández de la Torre e Santi Marínez López, na nosa condición de concelleiros do Grupo Municipal de Veciñanza, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentamos diante do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Con data do 30 de decembro de 2008, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, encadrada na convocatoria de axudas aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia 2008-2009 (DOG n.º 127 do 2 de xullo de 2008), concedeulle á Asociación Veciñal e Cultural O Portavezal unha subvención de 47.408,21 € para a o proxecto de creación dunha senda peonil en Vilar de Mato.

Esta asociación, en setembro de 2009, rematou co proxecto de creación da senda e conseguiu que se integrase na Rede de Sendeiros de Galicia coa preceptiva homologación da Federación Galega de Montañismo, baixo a denominación de "Senda Peonil da Ponte do Ramo. PRG-123". Sen dúbida, este logro tivo unha altísima importancia debido á repercusión positiva que supuxo para Cuntis.

O sendeiro, cun percorrido aproximado de 7.500 metros, discorre integramente polo noso municipio, concretamente pola parroquia de Cequeril, e conta cun gran valor paisaxístico, cultural e etnográfico, xa que se poden observar os muíños restaurados dentro do proxecto de creación da propia senda e máis permite visitar os Petroglifos de Cequeril que se atopan no trazado da ruta de sendeirismo. Este gran atractivo viuse reflectido nas numerosas visitas que cada ano fan centos de sendeiristas, turistas e veciños/as de Cuntis en xeral, o que amplía de xeito importante a oferta turística do noso concello, dirixíndose a un tipo de público que



veciñanza

complementa o que xa recibimos.

moción

A día de hoxe, logo de máis de 7 anos dende que se inaugurou a ruta de sendeirismo e cumprida pola citada asociación a obriga dos mantementos dos investimentos subvencionados durante 5 anos (tal e como exixía a subvención) o estado do percorrido atópase nunha situación moi complicada. A citada asociación presenta dificultades para facerlle fronte aos mantementos que a senda require e esta véñse deteriorando debido ao paso do tempo e á falta de coidados.

O mantemento necesario consiste unicamente na limpeza periódica do trazado e a reposición dos elementos deteriorados polo paso do tempo e pola acción da climatoloxía, prestando especial atención aos elementos instalados para velar pola seguridade dos viandantes e aos relacionados con toda a sinalética da ruta para que se poida seguir contando coa homologación da Federación Galega de Montañismo.

É preciso entender que se trata dunha senda cun importantísimo potencial paisaxístico, patrimonial, etnográfico, cultural e deportivo. Constitúe un atractivo moi salientable no noso municipio no que foi investida unha importantísima cantidade de diñeiro e contou co traballo e o esforzo de moitos veciños e veciñas de Vilar de Mato. Sería unha verdadeira irresponsabilidade, dende o punto de vista cultural, deportivo, turístico e patrimonial deixar no abandono unha ruta cun potencial tan importante coma esta.

Por todo o exposto, propoñemos a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Ante o estado que presenta actualmente a Senda Peonil Ponte do Ramo PRG - 123, que o Concello de Cuntis dispoña o necesario para facerse cargo do mantemento e conservación desta ruta, que supón un custe económico perfectamente asumible, e sen o cal está en risco a homologación da Federación Galega de Montañismo.

Cuntis, 17 de marzo de 2017

Saleta Fernández de la Torre

Santi Martínez López